

## INFORME DE SATISFACCIÓN EMPRESAS DE PRÁCTICAS 2022

### PUNTO FORMATIVO INCORPORA (PFI), EMPREGO INCLUSIVO (EMP. INC.) E PLAN INTEGRADO EMPREGO (PIE-EAPN)

#### PARTICIPACIÓN NAS PRÁCTICAS DE EMPRESAS E ALUMNOS/AS

En 2022 asináronse convenios de prácticas con empresas nos cursos realizados, para completar a formación do alumnado de Fundación Érguete-Integración (algunha empresa colaborou en máis dun curso).

#### Empresas participantes nas prácticas

O Punto Formativo Incorpora (a partir de agora PFI), a través de financiamento da Fundación “a Caixa” realizou 3 cursos durante o 2022: “Limpeza de Superficies e Edificios”, “Auxiliar de Cociña” e “Auxiliar de Comercio-Reposición”, destinados a colectivos de persoas en risco de exclusión social procedentes dos programas Incorpora e Reincorpora (este alumnado foi derivado das entidades que forman parte da Rede Incorpora Galicia na provincia de Pontevedra).

O Programa Emprego Inclusivo (Deputación de Pontevedra) fixo dous cursos, un de “Auxiliar de Limpeza” e outro de “Auxiliar de Almacén” en colaboración cos Concellos de Marín e Redondela.


O Programa Integrado de Emprego realizado por EAPN-Galicia e co cal colaboramos para a súa execución, programou tres formacións: “Administrativa/o Comercial”, “Limpeza Profesional” e “Formación en Frescos”.

O **número** real de **empresas** que participaron nas prácticas “non laborais”, nestes programas, foi de **39**.

Algunhas empresas colaboraron en varios cursos, dando un valor absoluto de 49, se as desagregamos por curso o resultado é o que vemos na seguinte táboa e gráficas:


2022	PFI LIMP.	PFI AUX. COC.	PFI AUX. COMER.-REPOS.	EMP. INC.: ATENCIÓN PERS. DEPEN.	EMP. INC.: AUX. ALMAC.	PIE ADMINISTR.-COMERC.	PIE LIMP.	PIE FRESC.	TOTAL
<b>Nº EMPRESAS</b>	10	13	8	4	4	5	4	1	<b>49</b>
<b>CONTESTARON CUEST.</b>	5	5	3	0	0	1	2	0	<b>16</b>

### Nº EMPRESAS PRÁCTICAS 2022



Contestaron aos cuestionarios 16 das 39 empresas de prácticas, o que representa un 41% do total.

### Nº EMPRESAS RESPONDERON CUESTIONARIO 2022




### Alumnado participante nas prácticas

Nos cursos analizados, participaron un total de 109 alumnas/os, dos cales 82 fixeron prácticas non laborais en 39 empresas.

PRÁCTICAS CURSOS FEI 2022	PUNTO FORMATIVO INCORPORA (PFI)			EMPREGO INCLUSIVO (EMPINC)		PLAN INTEGRADO DE EMPREGO (PIE-EAPN)			TOTAL
	LIMP.	AUX. COC.	AUX. COMER.-REPOS.	ATENCIÓN PERS. DEPEN.	AUX. ALMAC.	ADMINISTR.-COMERC.	LIMP.	FRESC.	
PERSONAS FIXERON PRÁCT.	16	15	18	7	6	6	5	9	82
TOTAL ALUMNOS/AS	20	20	20	12	10	12	6	9	109

### TOTAL ALUMNADO, ALUMN@S DE PRÁCTICAS Y EMPRESAS




## Insercións laborais

O número de persoas insertas foi de 33 e o número de insercións conseguidas (contratos) de 42, xa que algunha persoa conseguiu máis dun contrato.

PRÁCTICAS CURSOS FEI 2022	PUNTO FORMATIVO INCORPORA (PFI)			EMPREGO INCLUSIVO (EMPINC)		PLAN INTEGRADO DE EMPREGO (PIE-EAPN)			TOTAL
	LIMP.	AUX. COC.	AUX. COMER.-REPOS.	ATENCIÓN PERS. DEPEN.	AUX.ALMAC.	ADMINISTR.-COMERC.	LIMP.	FRESC.	
Nº INSERCIÓN	9	11	14	3	0	4	1	0	42
Nº PERSOAS INSERTADAS	9	8	8	3	0	4	1	0	33
Nº EMPRESAS PRACT. INSERTARON	2	0	2	0	0	0	0	0	4

### PERSOAS INSERTAS E Nº CONTRATOS 2022



## ANÁLISE DE RESULTADOS


Un 41% das empresas participantes en prácticas contestaron un cuestionario, dividido en varios apartados:

1. Valoración sobre **actitude-aptitude do alumnado e formación do mesmo en relación ao desempeño** das prácticas por parte da Fundación, neste caso a valoración faise coas categorías Mal, Regular, Ben e Moi ben.
2. Valoración sobre a **coordinación, duración das prácticas e a cantidade de documentación** xerada, por parte da Fundación, a valoración faise coas categorías Mal, Regular, Ben e Moi ben.
3. Doutra banda responderon á **participación nas prácticas e formación pasada e presente**. Valorouse con Si – Non.
4. A **colaboración futura**. Valorouse con Si – Non.
5. Valoración sobre a **posibilidade de contratación de alumnos/as** que fixesen prácticas. Valorouse con Si – Non.


Poñendo os datos en tantos por cen, estes son os resultados obtidos:

1. En canto á valoración do **alumnado participante** vemos os resultados desagregados:


En xeral a satisfacción é Alta e Moi alta respecto das actitudes-aptitudes e formación dos participantes. Tan só un 6,2% das empresas valoran coa puntuación de “Baixa”.



Agrupando os resultados Negativos (Moi Baixa+Baixa) e Positivos (Alta+Moi Alta) e comparándoos co obxectivo do 90% establecido pola Fundación, vemos que se supera devandito obxectivo:



2. Respecto á **coordinación, duración das prácticas e a cantidade de documentación** xerada, por parte da Fundación, as respostas ofrecen os seguintes resultados:



Aparece una satisfacción Baixa do 18,75% coa duración das prácticas, xa que as empresas desexarían que fosen de máis duración.


Agrupando os resultados Negativos (Moi Baixa+Baixa) e Positivos (Alta+Moi Alta) e comparándoos co obxectivo do 90% establecido pola Fundación, vemos que se supera o obxectivo en 3 das cuestións, salvo no nº de horas de prácticas, como se viu anteriormente:



3. Respecto á **participación nas prácticas e formación pasada e presente** as respostas ofrecen os seguintes resultados:

O 81% xa colaboraran en prácticas con entidades sociais, un 50% xa participara coa nosa Entidade e repiten experiencia en 2022 e o 93,75% non participou na elaboración dos contidos da formación.

### COLABORACIÓN PASADA E PRESENTE




4. No apartado de **colaboración futura** os resultados indican que:

En xeral, máis do 100%, das empresas enquisadas, volvería acoller alumnos/as en prácticas.


Un 75% manifesta o seu interese en participar, en edicións futuras, na selección do alumnado; un 50% na elaboración dos contidos e un 25% na impartición da formación.

### COLABORACIÓN FUTURA DE EMPRESAS PRÁCTICAS 2022



5. Respecto á **posibilidade de contratación do alumnado**, as empresas enquisadas indican:  
O 93,75% contrataría a algún alumno/a caso de ter vacantes na súa empresa.

**POSIBILIDADE DE CONTRATACIÓN ALUMNADO PRÁCTICAS 2022**



**SATISFACCIÓN FINAL**

Agrupando en 3 bloques as prácticas:

- Participantes
- Coordinación
- Prácticas en xeral

Alcánzase un 97,4% de grao de satisfacción positiva (Alta+Moi Alta) de media, estando todos eles por encima do 90% valor obxectivo, a alcanzar, da Fundación Érguete-Integración.

**SATISFACCIÓN EMPRESAS 2022**

